

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12481 *Lei orgánica 7/2013, do 28 de novembro, de reforma da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, de Estatuto de autonomía da Rexión de Murcia.*

JUAN CARLOS

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O decreto lei é unha disposición normativa con forza de lei e alcance provisional no tempo, que aproba o Goberno en caso de urxencia, e que, para a súa incorporación definitiva e permanente ao ordenamento xurídico, require a posterior ratificación do Parlamento.

Este instituto está regulado no artigo 86 da Constitución española de 1978, que habilita o Goberno para ditar decretos lei en caso de urxente necesidade. Estes decretos lei teñen determinados límites materiais e formais e a súa aprobación e posterior validación necesita seguir certos pasos, pois deben ser sometidos a debate e votación no Parlamento.

Tras as últimas reformas estatutarias, o decreto lei deixou de ser unha disposición con forza de lei de orixe e configuración exclusivamente estatais para pasar a ser unha fonte máis do dereito autonómico.

A presente lei ten como único obxectivo a inclusión no artigo 30 da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia, dun novo punto para habilitar o Goberno rexional a ditar disposicións legislativas provisionais en forma de decreto lei; establécense, así mesmo, os seus límites materiais e os trámites para a súa validación pola Asemblea Rexional.

A presente lei estrutúrase nun único artigo en que se conteñen as modificacións introducidas e unha disposición derradeira.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia.*

Modifícase a Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia, nos termos que se indican a seguir:

Artigo 30, queda redactado como segue:

«1. A iniciativa para o exercicio das potestades recoñecidas no artigo 23 correspóndelles aos membros da Asemblea e ao Consello de Goberno. Por lei da Asemblea regularase a iniciativa dos municipios e das comarcas a través dos seus órganos colexiados representativos, así como a iniciativa popular, de acordo co que dispoña a lexislación do Estado.

2. As leis aprobadas pola Asemblea serán promulgadas no prazo de quince días desde a súa aprobación, en nome do rei, polo presidente da Comunidade Autónoma, que disporá a súa inmediata publicación no “Boletín Oficial de la Región de Murcia”. Para a súa publicación no “Boletín Oficial del Estado” observarase o que dispoñan as leis xerais. Para efectos da súa vixencia, rexerá a data de publicación no “Boletín Oficial de la Región de Murcia”.

3. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Consello de Goberno poderá ditar disposicións legislativas provisionais en forma de decreto lei. Non poderán ser obxecto de decreto lei a regulación dos dereitos previstos no presente estatuto, o réxime electoral, as institucións da Rexión de Murcia nin o orzamento da Comunidade Autónoma.

No prazo improrrogable de trinta días desde a súa promulgación, os decretos lei deberán ser validados ou derogados pola Asemblea Rexional despois dun debate e votación de totalidade.

Sen prexuízo da súa validación, a Asemblea Rexional poderá tramitar os decretos lei como proxectos de lei adoptando o acordo correspondente dentro do prazo establecido no parágrafo anterior.»

Disposición derradeira.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY